



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfn: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 29 DE OUTUBRO DE 2015.

### Concelleiros asistentes:

Dª. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
Dª. Rosario Celia Rey López  
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as dezanove horas do día vinte e nove de outubro de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, reúñese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN SE PROcede DAS ACTAS DAS SESIÓNs ANTERIORES.** Dáse conta das actas das sesións anteriores realizadas os días 27 de agosto e 17 e 28 de setembro de 2015, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular alguma observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-las referidas actas.

**2.- MODIFICACIÓN HORA REALIZACIÓN SESIÓNs ORDINARIAS PLENO.** O Sr. Presidente indica que na sesión do Pleno de organización seguindo o establecido na anterior lexislatura fixouse a hora de realización das sesións plenarias para as sete da tarde, pero co obxecto de facilitar a asistencia de xente que está traballando e está interesada en asistir, propón acordar modificar a hora de celebración das sesións ordinarias do pleno da Corporación para as oito da tarde.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la referida proposta quedando fixada para as oito da tarde a hora de realización das sesións ordinarias do Pleno.

**3.- REGULAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA.** Visto o expediente tramitado para aprobación do Regulamento para a normalización lingüística e o impulso social da lingua galega no concello de Muras, co proxecto de Regulamento que consta de vinte e tres artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.

O Sr. Alcalde manifesta que coa chegada a Alcaldía viron que había falta de ordenanzas e as que habían non se aplicaban, unha das primeira carencias que observaron foi a falta de criterio a hora de redactar un documento en castelán ou galego, por elo este Regulamento que basicamente di que a lingua de uso na administración do concello de Muras será o galego, non en detrimento do castelán xa que aquela persoa que solicite calquera documentación en castelán seralle dada, ademais como Administración hai que ter un papel de protección da lingua que se fala neste concello.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

O portavoz do grupo Popular D. José Danilo Requeijo Castro está de acordo con que se utilicen as dúas linguas sen problema.

Igualmente o concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey está a favor deste regulamento.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1.º.-Aprobar provisionalmente o Regulamento para a normalización lingüística e o impulso social da lingua galega no concello de Muras

2.º.-Someter a información pública o referido acordo e texto do regulamento, polo prazo de trinta días a través de anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3.º.-No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

4.- ORDENANZA REGULADORA SACA DE MADEIRA NO CONCELLO DE MURAS. A continuación dáse conta do expediente iniciado para a aprobación da Ordenanza reguladora das operacións forestais de tala, saca, depósito e transporte de madeira no concello de Muras, cuxo texto normativo consta de sete artigos e unha disposición derradeira e derogatoria.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr.Alcalde manifesta que dentro das carencias a que se referiu no punto anterior, desde hai uns anos se está a plantar montes con eucaliptos e pinos e á hora de retirar a madeira por madeireiros as vías municipais sufren un deterioro, cita a estrada do Pazo ou á Balsa, a proposta é aprobar esta ordenanza sinxelas na que o madeireiro teña que presentar solicitude no Concello e depositar unha fianza polo deterioro da estrada e espazos públicos, na que se recollen tamén obrigas e sancións.

Polo grupo Popular: o voceiro D. José Danilo Requeijo Castro considera que o problema está en que o madeireiro contrátalle a corta ao destajista que pasa de todo, invade a estrada coa madeira e hai protestas dos veciños, a madeira ten que estar no monte non ocupando e deteriorando a estrada, está de acordo con aprobar unha ordenanza.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey opina que realmente a ordenanza vai dirixida aos madeireiros, para que se responsabilicen dos danos e respecten os bens públicos.

O Sr.Alcalde indica que na maioría dos concellos existe esta normativa, na pasada lexislatura preguntou si os madeireiros depositaban fianza e o Alcalde díolle que sí, pero resulta que non existía ordenanza nin se depositaba fianza, por iso se pretende poñer un pouco de orden.

O Sr.Requeijo Castro sinala que os madeireiros depositaban a fianza cando afectaba a Deputación porque viña o vixilante e íalle encima, o que deteriora a estrada que a arranxe.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

O Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o componen, acorda:

1.º.-Aprobar provisionalmente a Ordenanza reguladora das operacións forestais de tala, saca, depósito e transporte de madeira no concello de Muras

2.º.-Someter a información pública o referido acordo e texto da ordenanza, polo prazo de trinta días a través de anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3.º.-No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

**5.-PROPOSTA PARA DESIGNAR INSTRUTOR E SECRETARIO EXPEDIENTE FILLA ADOPTIVA DE MURAS A Dª. ANTÍA CAL VÁZQUEZ.** Visto que por Decreto da Alcaldía de data 23 de outubro de 2015, acordouse iniciar de oficio expediente para conceder a distinción de "Filla Adoptiva" de Muras a Dª. Antía Cal Vazquez.

Visto o disposto no artigo 8 do Regulamento Municipal de Honras e Distincións (BOP nº 114 do 20 de maio de 1986) sobre o procedemento de concesión de honras e distincións.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde destácase a innovación educativa, uso da lingua galega e sempre se acorda de Muras, polo que considera de xustiza outorgarlle unha distincións.

Polo grupo Popular: o voceiro D. José Danilo Requeijo Castro está de acordo con este expediente e alude ao feito de que a pesar de estar lonxe se acordase de Muras e non renegase deste pobo.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey tamén está a favor e o feito de que nas súas intervencións públicas diga que é de Muras.

A concelleira do BNG Dª. Belén Chao Ramíl, fai referencia a que desde hai tempo tiñan pensado no recoñecemento do traballo de Antía Cal, e por outra banda o Observatorio pola Igualdade da Mariña estaba preparando unha homenaxe, por elo acordouse facer un acto no que interveña o concello como institución e o observatorio, onde ademais da proposta de nomeamento do colexió de Muras co seu nome, se outorgue a distinción de filla adoptiva para o cal é necesario a tramitación do correspondente expediente onde se recollan os méritos que acrediten tal distinción, tamén alude a vinculación de Antía Cal co concello de Muras.

Despois de estudiado o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o componen, acorda, designar instrutora do expediente á concelleira Dª. Belén Chao Ramil e Secretario o da Corporación.

## PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

### 6.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 25 de agosto, ata o 26 de outubro de 2015.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

b) Informe Alcaldía. Toma a palabra o Sr.Alcalde para informar das xestións que están a realizar desde que chegaron ao goberno deste Concello, había un certo desorden e caos, o primeiro foi tratar de poñer orden; estaba sobre a mesa a situación do FCA, hai unha investigación aberta por fiscalía na Aldea etnográfica sobre o ex-alcalde, había proxectos aprobados que carecían de permisos e autorizacións, o equipo de goberno tivo que modificar proxectos, a antiga casa do médico pretendían rehabilitala como vivenda e decidiuse rehabilitala como centro multiusos, tamén tiña un arrimo non autorizado que se procedeu o seu derribo; había unha canceira en Paio que non contaba con permisos nin cos terreos necesarios, agora recibiu unha proposta de sanción que foi recorrida, renunciouse a esta obra e o seu importe destinouse a incrementar a adquisición de maquinaria; outra medida foi modificar o proxecto de prantacións e rotas para orientalas a Muras en non solo na aldea; renunciouse ao proxecto de campamento porque non contaba coas autorizacións necesarias e había deficiencias no proxecto.

- Estes días rematouse a obra da estrada de Vilaríño a Ferreiros na Balsa que está completa, non como fixeron de San Antonio a Culleretes que non cumpriron e agora anulan a subvención por importe de 102.000 euros contra o que se presentou recurso.

- Outros traballos foron os desbroces no viario municipal, espera que o próximo ano se poida realizar con maquinaria do Concello.

- En canto a bonificación na factura da luz, estase a recoller información para que se poida facer efectiva no próximo ano.

- Solicitouse a Xunta o desbroce dos taludes na estrada 540, así como, reparación dos camiños de servizo.

- Finalmente informa da finalización de contrato do bar do peregrino, prorrogarase ata o 31 de decembro para convocar novo concurso coa idea de que o prazo sexa por dous anos.

c) A concelleira delegada de Turismo, Comercio, Servizos socio-sanitarios e Igualdade, Dña. Belén Chao Ramil, informa das xestións para instalar un Punto de Atención a Infancia no colexió de Muras, a próxima posta en funcionamento do programa educando en familia que ven a ser a versión privada de preescolar na casa.

- En servizos sociais se está a incrementar as horas de servizo porque non se viñan usando as horas de mellora do contrato, non había auxiliares no concello e houbo que contratar doutro municipio, á vista diso se vai crear unha bolsa de traballo.

- Estase a estudar novas actividades de dinamización ademais de piscina e zumba, despois da enquisa realizada as más demandadas foron manualidades, pilates, zumba, ioga e outras.

- En canto a feira do poldro o Sr.Alcalde sinala que as distintas asociacións participantes e expositores manifestaron estar satisfeitos pola organización, limpeza e enfoque que se lle estaba a dar a feira; este ano por incompatibilidade da Alcaldía, quen levou o maior responsabilidade foi a tenente de Alcalde Belén Chao Ramíl e as contas da feira están no Concello a disposición de quen as queira ver.

Dña. Belén Chao Ramil da conta dun resumo de gastos realizados, a falta dalgunha factura pendente para a conta definitiva; informa dos gastos en premios 5.000 €, subministracións (valos e postes principalmente) 15.000 €, carne para degustación, iluminación, sanitarios e gastos de organización. As empresas contratadas para prevención de emergencias como a de organización de diseño de carteis e organización



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfn: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

de toldeiros fixeron informes cunha boa opinión, así como, recomendacións para melloras do evento; tamén se pagaron comidas de expositores e persoal do Concello que estivo traballando sobre todo o sábado e o día da feira, dálle as grazas polo traballo que realizaron.

d) O concelleiro delegado de Medio Rural e Medio Ambiente D. Mario Rouco Rey, informa dos problemas que se están a presentar pola presenza da vespa vetulina, xa hai casos en Silán e este concello ten un potencial importante na produción de mel, por elo se vai a realizar a feira do mel en Viveiró o 22 de novembro, ademais se van a impartir charlas e cursos sobre este tema.

Da conta da reunión no Catastro en relación coa regularización de bens rústicos e urbanos, intentarase prestar apoio aos veciños de cara a posibles reclamacións, o anterior Alcalde aceptou a revisión e hai que valoralo.

Tamén informa da reunión co xefe de servizo en Lugo de cara a presenza no concello dun axente forestal certos días para atender as xestións en materia de repoboacións e talas. Asistiu a reunións que se celebraron en Oleiros sobre recursos medioambientais e parques naturais, refírese a situación de tira e afloxa coa rede natura que non está aprobada, e a posible reunión con concellos limítrofes, alude o tema do lobo que desde o 2007 non se avanzou, a recollida de lixo está en prorroga, e fai mención a situación das redes de abastecemento de auga que é necesario regularizalas, mellora da rede de internet, a ponte de Coruxos está a exposición pública e a ponte Bermut o problema é Vilalba, o mesmo que a ponte da Insua, traballos de desbroce de camiños e actividades de medio ambiente.

e) O concelleiro delegado de Patrimonio e Rehabilitación, Vivenda, Festas, Cultura e Promoción do Deporte, D. Carlos Carballés Penabad informa dos arranxos realizados nas zonas de lecer de Viveiró en Muras, reparación de máquinas de ximnasio e reparacións no campo de fútbol.

O Sr. Alcalde aclara que o tema do ximnasio solo debía ser coñecido por 3 ou 4 persoas, o tema do catastro é unha competencia estatal, este novo equipo de goberno non comparte esa revalorización, o ex-alcalde debía contar con diñeiro para iso; e sobre a rede natura tampouco é competencia do Concello, o concello de Muras está de parte dos veciños e vai a defender ata onde poida os intereses dos veciños.

## 7.- ROGOS E PREGUNTAS.

a) Rogos e preguntas orais.

a.1. Intervención do voceiro do grupo Popular D. J. Danilo Requeijo Castro.

a.1.1. Rogo. Tendo en conta que D. Vicente Rouco doou unha casa ao Concello de Muras, e de cara ó día de defuntos, roga que por parte do Concello se proceda a limpeza do nicho de Vivente Rouco.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas e quince minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,